



CONCELLO DE SANTIAGO

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 26 DE SETEMBRO DE 2014

LICENZAS FAVORABLES

LIC/1803/2013.- FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder a licenza de obras para restauración de oco e reixa de ventá no edificio claustral da catedral na Praza das Praterías.

LIC/1204/2014.- FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder a licenza de obras para limpeza de vexetación en cornisas das fachadas da Acibecharía e Torre do Reloxo no edificio da catedral sito na Praza das Praterías.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA.

LIC/1540/2013.- BRAIS SANGIAO RIOS.- LIC/62/2009 1.500 €.

4.- Propostas da concelleira delegada da Área de Cultura e Patrimonio relativa á aprobación de diversos convenios de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e distintas entidades culturais.

Apróbanse os convenios con: Fundación Rosalía de Castro (3.825 euros), Ateneo de Santiago (3.400 euros), Padroado da Casa da Troia (3.600 euros) e Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque (8.000 euros). En total, son 18.825 euros para apoiar gastos de funcionamento e a actividade destas catro asociacións ao longo de 2014.

5.- Proposta da concelleira delegada da Área de Cultura e Patrimonio relativa a dación de contas da sinatura do convenio coa Deputación da Coruña para o financiamento do sostemento dos CSC do rural.

Dáse conta da sinatura do devandito convenio, polo que a Deputación achega 140.000 euros que, xunto con outros 35.000 euros que pon o Concello de Santiago, servirán para financiar varios programas de animación e dinamización dixital, de formación permanente e outros de carácter estacional (como os denominados “Vive o verán” ou “Vive o Nadal”) nos centros socioculturais do rural.

6.- Proposta da concelleira delegada da Área de Cultura e Patrimonio relativa a dación de contas da sinatura do convenio coa Deputación da Coruña para o financiamento do sostemento do CSC do Ensanche.

Dáse conta do devandito convenio, polo que a Deputación achega un máximo de 144.000 euros para contribuír ao financiamento do 80% do orzamento de gastos de persoal do Centro Sociocultural do Ensanche, na rúa Frei Rosendo Salvado (3 uxieres, 2 animadoras socioculturais e 1 auxiliar administrativo), así como o seu mantemento.

7.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa a axudas de carácter social.

Concédense 34 axudas a outras tantas persoas solicitantes, por un importe total de 32.039 euros. As axudas oscilan entre un máximo de 1.600 euros e un mínimo de 100 euros, en función das necesidades e dos períodos cubertos, atendendo preferentemente gastos de manutención e alugueiros.

8.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á anulación dun pago do proxecto MAPIS por manutención.

Anúllase parte dunha axuda de manutención, segundo o informe de Servizos Sociais, por incumprimento do regulamento de aplicación destas axudas.

9.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais dando conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Deputación Provincial da Coruña relativa ao financiamento do programa para facilitar os procesos de erradicación do chabolismo e infravivenda 2014.

Deuse conta do devandito convenio de colaboración, asinado o 4 de agosto), mediante o cal o organismo provincial contribúe ao financiamento da programación municipal en materia de infravivenda cunha achega máxima de 30.000 euros. Esta axuda servirá para cofinanciar o custo das retribucións do persoal vinculado aos labores de inclusión residencial de persoas usuarias de infravivenda.

10.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais dando conta da resolución relativa á aprobación da conta xustificativa e pago do 2º prazo da subvención da Deputación Provincial da Coruña dirixida a concellos e outras entidades locais interesadas nos programas de envellecemento activo para as personas maiores durante 2003. Programa Activamente.

Dáse conta da achega da Deputación da Coruña, por importe de 1.500 euros, para contribuír ao financiamento dos devanditos programas, que se suman aos 1.500 euros aboados anteriormente.

11.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servicios Sociales relativa ao reaxuste de anualidades da licitación do servizo de Axuda no Fogar.

Acórdase realizar un reaxuste nas anualidades contempladas na licitación do devandito contrato, que se atopa en trámite de contratación. O axuste, que non altera o total da cantidade reservada para a futura contratación, diminúe a cantidade da anualidade destinada ao ano 2014 e amplía na mesma contía a destinada ao ano 2016. O importe total para os tres anos previstos na próxima contratación que é de 1.828.882 euros, queda repartido en tres anualidades do seguinte xeito: ano 2014, 152.407 euros (antes 495.322 €); ano 2015, 914.441€ (mantense invariable); ano 2016, 762.034 (antes 419.119 €)

12.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servicios Sociales relativa á aprobación dunha solicitude de subvención ao Ministerio de Sanidade, Servicios Sociales e Igualdade con cargo ao fondo de bens decomisados por tráfico ilícito de drogas.

Acordouse presentar unha solicitude con cargo a esta liña de axudas, destinadas ao financiamento de actividades e programas que promovan hábitos saudables como alternativa ao consumo de substancias tóxicas. O Concello propón o programa "Versión 2.0", cun orzamento total de 183.669 euros, para o que lle solicita ao Goberno do Estado o 70% do investimento (128.568 euros). Este programa é unha continuación do programa de prevención iniciado en 2009 ao que se lle engaden novas actividades deportivas, culturais, lúdicas, formativas e informativas, a desenvolver entre os meses de febreiro e setembro do ano próximo.

13.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais dando conta da corrección dun erro material no acordo da sesión de 11.7.14 denominado "Proposta da concelleira delegada de Normalización Lingüística relativa á resolución do "II concurso de proxectos de publicidade comercial en galego".

Repárase un erro material na anotación do DNI do gañador do certame.

14.- Proposta da concelleira delegada da Área de Servizos Sociais relativa á aprobación das bases da 7ª edición do concurso Músicaxove 2014.

Aprobáronse as bases do devandito certame, así como a autorización do gasto para a dotación dos premios, que ascenderán a 4.100 euros. Músicaxove ten como obxectivo promover, impulsar e canalizar a creatividade musical na xuventude. O prazo de inscrición abrirase o luns, 29 de setembro (ata o 31 de outubro). O certame está dirixido a artistas emergentes de Galicia –grupos ou solistas-, que non superen os 35 anos.

Para participar non poderán ter editado, agás en autoedición, nin relación contractual con empresa discográfica. Valorarase o emprego da lingua galega nos textos ou en calquera elemento promocional. Haberá un concerto final en directo na Sala Capitol de Santiago, previsto inicialmente para o vindeiro 28 de novembro, cun mínimo de catro grupos ou solistas participantes e, por último, editarase un disco compacto coas participación dos catro finalistas do Certame. O primeiro premio está dotado con 2.500 euros, o segundo con 1.100 euros e haberá un premio especial do Xurado de 500 euros.

15.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á aceptación da subvención da xefatura territorial de Traballo e Benestar da Coruña para o programa municipal de contratación temporal de desempregados.

Acórdase a aceptación dunha subvención, por importe de 203.565 euros concedida pola Consellería de Traballo e Benestar, destinada á contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social, perceptoras da RISGA. Grazas a esta axuda, o Concello contratará 20 traballadores ou traballadoras por un período de sete meses: 4 técnicos de programas, coa formación de titulado superior; 10 persoas en posesión do título de Bacharelato ou FP de 2º grao, para funcións de tramitación administrativa; e 6 persoas, con estudos de Graduado Escolar ou FP de 1º grao, para funcións de apoio administrativo e conserxería.

16.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á incoación do expediente de incautación de garantía parcial do contrato de "Instalación, xestión e explotación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Alameda durante o Nadal 2013/2014".

Acordouse a incautación parcial da fianza achegada no seu día pola empresa que procedeu á instalación, xestión e explotación dunha pista de patinaxe sobre xeo na Alameda durante o Nadal 2013-2014. A incautación, a instancia do informe do servizo de Parques e Xardíns, vén motivada polos danos producidos no contorno da Alameda, por un importe estimado de 900 euros.

17.- Proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda relativa á corrección de erro no acordo nº 8 da Xunta de Goberno de data 5.9.2014 relativo ao contrato de aluguer do local da rúa Galeras nº 28, con destino a oficinas municipais, titulariedade de don José Luís Romero García.

Procédese á corrección dun erro relativo ao período do período de aluguer.

18.- Propostas de diversas concollerías relativas a recoñecementos extrajudiciais de créditos.

Apróbanse recoñecementos de crédito que afectan a 11 faturas de diferentes acreedores, por un importe total 100.330 euros.